

**Resolución do 4 de novembro de 2022 da Valedora do Pobo polo que se establece o horario de funcionamento da Institución do Valedor do Pobo e a xornada laboral semanal do persoal ao seu servizo.**

**1. Horario xeral de funcionamento.**

O horario xeral de funcionamento da Institución do Valedor do Pobo durante todo o ano, agás nos meses de xullo e agosto, será de luns a venres laborables 8:00 a 20:00 horas.

Durante os meses de xullo e agosto o horario de funcionamento será de 8.00 a 14.30 horas en días laborables.

**2. Horario de atención ao público e horario de rexistro.**

O horario de atención ao público e o horario de funcionamento do rexistro será de 9.00 a 14.00 e de 16.30 a 19:00 horas, de luns a xoves. Os venres . o horario será de 9.00 a 14.00 horas

O horario de atención ao público e de funcionamento do rexistro durante a Semana Santa, a semana da festividade do Apóstolo Santiago e na semana de Nadal os meses de xullo e agosto será de 9.00 a 14.00.

**3. Horario do persoal funcionario ao servizo da Institución do Valedor do Pobo.**

O persoal funcionario ao servizo do Valedor do Pobo prestará os seus servizos en xornada ordinaria e en xornada reducida de acordo co seguinte réxime:

**3.1. Xornada ordinaria:**

A xornada semanal de traballo ordinario do persoal ao servizo do Valedor do Pobo será de 37 horas e 30 minutos, de luns a venres, en horario flexible de mañá e tarde e dentro do horario xeral de funcionamento da Institución establecido no punto 1 deste resolución. Para o cómputo do dito tempo, incluíranse os festivos que poida haber en cada semana.

**3.2. Xornada reducida**

- 3.2.1.** Do 15 de xuño ao 15 de setembro, a xornada será de 30 horas semanais. Para o cómputo do dito tempo, incluíranse os festivos que poida haber en cada semana.

3.2.2. Durante a Semana Santa, a semana da festividade do Apóstolo Santiago e na semana de Nadal e ata o 31 de decembro, a xornada será de 9.00 a 14.00 horas.

#### **4. Distribución da xornada laboral.**

A distribución da xornada laboral realizarase do seguinte xeito:

- 4.1. En horario de mañá, entre as 7,45 h e as 15:15 horas, sendo de presenza obrigatoria para todo o persoal a franxa comprendida entre as 9:00 h e as 14:00 horas.
- 4.2. En horario de tarde, ata completar a xornada ordinaria, o persoal prestará a súa actividade laboral entre as 16:30 e 19:00 horas.

#### **5. Cobertura en horario de tarde.**

Para a atención á cidadanía, tanto de forma presencial e telefónica de luns a xoves, estableceranse quendas rotatorias entre o persoal funcionario ao servizo da Institución, de forma que quede cuberta a lo menos, a franxa horaria comprendida entre as 16.30 e 19:00 horas.

As compensacións horarias das tardes, cando proceda, realizaranse preferentemente no mesmo día.

#### **6. Adaptacións por necesidades do servizo**

Os horarios do persoal, tanto durante as mañás, como durante as tardes, adaptaranse en todo momento ás necesidades do servizo existentes, debendo modificarse o horario do persoal na medida necesaria, tanto para atender á cidadanía, como nos períodos de traballos extraordinarios e nos días nos que se celebren actos organizados ou nos que participe a Institución.

#### **7. Flexibilización do horario**

Sempre que se cumpra a franxa horaria obrigatoria establecida no punto 4.1 destas normas, e as necesidades do servizo o permitan, o persoal poderá, respecto do seu horario particular, adiantar ou atrasar en quince minutos a entrada e a saída, aínda que se deberá facer a compensación horaria necesaria para completar a xornada semanal establecida. Esta compensación terá que levarse a cabo a mesma semana en que se produce o adianto ou o atraso horario, e o tempo de traballo adiantado en ningún caso será acumulable.

O establecido no parágrafo anterior enténdese sen prexuízo da compensación horaria que proceda por servizos extraordinarios.

### **Disposición adicional**

A resolución pola que se establece o horario de funcionamento da Institución do Valedor do Pobo e a xornada laboral semanal do persoal ao seu servizo foron acordadas co persoal ao servizo do Valedor do Pobo en reunión celebrada o 17 de outubro de 2022.

María Dolores Fernández Galiño  
**Valedora do Pobo**